

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E NOVE DE MAIO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Na Casa do Concello (no Salón de sesións plenarias) o día vinte e nove de maio de dous mil dezaoto reúnese a Corporación deste Concello para celebrar a sesión de carácter extraordinario e urxente (convocada por decreto de Alcaldía 173/2018 de 28/05/18); con comezo ás dez horas en primeira convocatoria. Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten os/as concelleiros/ concelleiras que se citan: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Guitiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa (PSdeG – PSOE); don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, e dona M^a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL) e don Carlos Alberto Ameneiros Serantes (BNG). Non asiste don José Antonio Rodríguez Fernández (PP) e don Manuel Javier Bacorelle Robles (U POR V).

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que conforme á Orde do Día, se tratou e adoptaron os seguintes ACORDOS:

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

O Sr. Alcalde xustifica a convocatoria urxente da sesión na necesidade de axilizar a contratación da obra sinalada no 2º punto da orde do día

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DE PROPOSTA DE SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE ASUNCIÓN DE CONTRATACIÓN DA OBRA POS+ADICIONAL 1/2017.

Proposta de Alcaldía:

“PROXECTO DE TRABALLOS DE CONSERVACIÓN E REPARACIÓN EN EDIFICIOS MUNICIPAIS: CASA DE CULTURA, PISCINA MUNICIPAL E PAVILLÓN DE DEPORTES DE LOGROÑO”

PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN”

“O Pleno da Corporación de Valdoviño, en sesión realizada o día 14/11/2017, adoptou acordo de participar no Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2017 Adicional 1/2017 da Deputación da Coruña e solicitou, como investimento financeiramente sostible que se solicita na 2ª fase do Plan, a obra:

“PROXECTO DE TRABALLOS DE CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DE EDIFICIOS MUNICIPAIS”.

Grupo programa: 933

Financiamento Deputación: 158.030,45€

Concello: 0€

Orzamento total: 158.030,45€

Remitada a correspondente documentación á Deputación, ésta tras revisar a mesma, notifica ao Concello a deficiencia que debe ser correxida seguinte:

A DENOMINACIÓN DA OBRA QUE FIGURA NO ANEXO I É XENÉRICA

Visto o requerimento citado, o Pleno da Corporación en sesión do 17/11/2017, para correxir a deficiencia indicada adopta novo acordo, co cambio (únicamente) da denominación do proxecto, que pasa a ser:

“PROXECTO DE TRABALLOS DE CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DE EDIFICIOS MUNICIPAIS: CASA DA CULTURA, PISCINA MUNICIPAL E PAVILLÓN DE DEPORTES DE LONGOIRO”.

E remítese á Deputación a nova documentación.

Posteriormente remíteselle tamén a autorización sectoral do Servizo de Patrimonio Cultural.

Recibida en días pasados Circular da Deputación sobre a aprobación da 2ª e derradeira Fase do POS Adicional 1/2017 coa relación do investimento mencionado no anexo (Código da obra 17.2001.07860), cómpre agora proceder á contratación da dita obra.

Visto que actualmente o Concello ten falta de medios tanto persoais e materiais para levar a cabo a licitación do contrato necesario para executar a obra mencionada, de conformidade coa nova Lei de Contratos do Sector Público e os pregos de cláusulas administrativas que haberán de rexer para a contratación, que se pretende por procedemento aberto (cun único criterio de adxudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos Plans Provinciais e outras obras Provinciais, resulta idóneo que o procedemento de licitación referido sexa levado a cabo directamente pola Deputación,

sen prexuízo de que a dirección das obras, as incidencias que poidan xurdir na execución do contrato, así como as cuestións relativas á extinción do mesmo sexa responsabilidade do Concello de Valdoviño.

Por todo o exposto,

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.- SOLICITAR da Excm. Deputación Provincial da Coruña, a través dos seus Servizos, leve a cao o procedemento de licitación para contratación da obra:

“PROXECTO DE TRABALLOS DE CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DE EDIFICIOS MUNICIPAIS: CASA DA CULTURA, PISCINA MUNICIPAL E PAVILLÓN DE DEPORTES DE LONGOIRO”.

2.- Que tras levar a cabo o procedemento de licitación, adxudicación e formalización do contrato referido pola Deputación, este Concello será o responsable dos traballos relativos á dirección de obra, coordinación da seguridade e saúde, control de calidade e da comprobación de replanteo, aprobación certificacións de obra, pagamento e demais incidencias que poidan xurdir na execución do contrato, así como relativo aos efectos e extinción do contrato.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime convinte.

Valdoviño, 28 de maio de 2018

O Alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández”

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.

Tratado o único punto da Orde do Día, e cando son as dez horas e vinte minutos, o Sr. Alcalde –Presidente levanta a sesión; da que como Secretaria redato a presente acta e CERTIFICO.

V. e Pr.
O Alcalde,

A Secretaria